

# **Proposta de protocolo para reparto e uso de máscaras no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19.**



## **Xustificación da necesidade de protocolo.**

O presente documento, dentro da colaboración do noso grupo municipal para a mellor resolución da crise orixinada polo COVID-19, visa lanzar unha serie de propostas para o reparto de máscaras dun xeito racional e coordinado que priorice necesidades e se distancia de actuacións populistas e desorganizadas que se veñen detectando nalgúns concellos. A prioridade debe ser a coordinación entre Administracións para dotar de EPIs a todo o persoal de máis risco.

Acreditamos que o mellor sistema de reparto para a poboación xeral é através das farmacias, que neste momento aínda están bastante desabastecidas no caso do noso concello, se ben nos últimos días a situación vai mellorando. O concello debe velar por dispor das suficientes para dar aos seu persoal, de informar de como deben manipularse e reempregarse, das características de cada tipo de máscaras faciais (cirúrxicas, FPP1, FPP2, FPP3...)... Para alén de garantir as axeitadas e suficientes para o seu persoal debe dispor dunha reserva para distribuír entre os colectivos de risco (supermercados, tendas, taxistas etc.).

Así pois, só cando o subministro garanta que a poboación máis exposta estexa cuberta se poderá facer un reparto responsábel á cidadanía, co debido control para evitar o acaparamento e coa difusión de pautas para un uso correcto das mesmas.

Após dirixirnos a outros concellos infórmanos que xa non hai problemas de fornecemento de máscaras e que se algún concello está a ter problemas debería rever que está facendo mal, xa que hai empresas que as distribúen. Por exemplo, o Concello de Soberpe diu hai pouco batas, guantes, xel e máscaras sen ningún tipo de problema. E polo que anunciou a ministra de Industria, xa vai estar garantido stock.

Entón, malia que semella que pasáramos o peor, mentres non exista vacina, haberá que manter medidas hixiénico-sanitarias. Asemade, as consecuencias sociais e económicas van afectar tamén ao noso Concello. Toda vez que os fornecementos semella que comezan a ser axeitados cómpre propor pautas de actuación. **En resumo: coordinación, prioridade para as persoas de risco, atención ás disposicións xerais, información clara sobre o uso de máscaras.**

## **Protocolo para reparto de máscaras no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19.**

O sistema de reparto guiarase polos seguintes principios e xerarquías en aras de ser o máis racional e coordinado posíbel coas exixencias da alerta sanitaria en que nos encontramos e evitando reiterar as descoordinacións que están creando disparidades de abastecementos entre uns concellos e outros.

**1.- Prioridade absoluta para o persoal municipal e os grupos de risco.** O Concello contará con cantidades suficientes e axeitadas de EPI's para o persoal exposto na primeira liña (FPP3 de forma preferente), facendo o reparto semanalmente. Canto aos grupos de risco (cirúrxicas ou FPP se houber posibilidade), distribuiranse en locais como supermercados, tentas e aos taxistas. Tamén se contactará cos centros de traballo para ofrecer a prezos de custe máscaras para aquelas empresas que aínda non dispoñen das mesmas, con especial atención ao sector primario que as precisa para inminentes labores colectivas como o ensilado. En todo momento, o Concello de Chantada garantirá a existencia de stocks de reserva que podan ser mobilizados atendendo aos criterios expostos *ut supra* e levará un rexistro das cantidades e destino das máscaras.

**2.- Reparto para a poboación en xeral.** O Concello coordinarase, toda vez garantido o establecido na aliña 1 desde protocolo, coas farmacias da vila para garantir que dispoñen de subministro para fornecer de máscaras á poboación (cirúrxicas), favorecendo que exista un rexistro

e racionalidade na súa distribución e evitando coa súa actuación que se reiteren episodios inflacionistas de prezos no marco da pandemia.

**3.- O reparto nunca se debe facer nas casas ou por correo**, práctica nada recomendábel. Entre o seu persoal repartiraas o propio Concello, así como nalgúns locais estratéxicos (1), mais para o resto dos casos seguirase o ditaminado na aliña 2 deste protocolo.

## **Protocolo para uso de máscaras no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19.**

### **1.- Tipos e protección.**

As **máscaras con filtro de protección persoal (FPP)** protexen o utente, xa que están deseñadas para filtraren as partículas, aerosois líquidos e patóxenos con presenza no medio, impedindo a súa inhalación. Segundo a súa eficacia divídense en tres categorías:

- FPP1. Eficacia de filtración de 78%. Baixa eficacia.
- FPP2. Eficacia de filtración de 92%. Media eficacia.
- FPP3. Eficacia de filtración de 98%. Alta eficacia.

Na medida do posíbel o Concello de Chantada pulará polas FPP2 e as FPP3 para o seu persoal máis exposto (SAF, Protección Civil, Policía Local, brigadas...), substituíndo a preeminencia actual de cirúrxicas, ao seren as máis seguras e as recomendadas pola OMS para longos períodos de uso.

As **máscaras cirúrxicas**, por seu lado, protexen nun só sentido evitando o contaxio, mais non ser contaxiado e están pensadas para curtos períodos de tempo, xa que ao humedecérense perden a súa eficacia. A OMS recoméndaas cando non é posíbel gardar as medidas habituais (e preferentes) de distanciamento social (por exemplo no supermercado). Tamén se ten tose ou esbirra. De todos os xeitos, a máscara facial apenas debe empregarse en estrita observación das restantes medidas:



Mantener 1-2 metros de distancia entre personas



Lavado de manos



Evitar tocarse ojos, nariz y boca



Cubrir boca y nariz con el codo flexionado al toser o estornudar



Usar pañuelos desechables

## 2.- Como pór, usar, tirar e desbotar unha máscara.

Estas instrucións servirán como base para elaborar infografía informativa desde o Concello, con ilustracións explicativas, que se subirá ao site municipal e as súas RRSS e se imprimirá para distribuír nas Farmacias, supermercados, centro de saúde e taxis.

**IMPORTANTE:** o uso da máscara caseira é individual, non debendo ser partillada. Se ten dúbidas sobre o seu uso consulte co seu farmacéutico ou farmacéutica de referencia. A máscara facial apenas debe empregarse en estrita observación das restantes medida .

- 1.- Antes de pór unha máscara, lave as maos cun desinfectante a base de alcohol ou con auga e xabón.
- 2.- Cubra a boca e o nariz coa máscara e asegúrese de que non haxa espazos entre a súa faciana e a máscara.
- 3.- Evite tocar a máscara en canto a usa; se o fixer lave as maos cun desinfectante a base alcohol ou con auga e xabón.
- 4.- Mude as máscaras tan pronto canto estexa húmida e non reutilice as máscaras dun só uso (esta é a teoría logo na práctica sabemos que non hai polo que algunha solución haberá que pór aínda que non sexa o idóneo, como xa indicamos).
- 5.- Para tirar a máscara fágao por atrás e sen tocar a parte dianteira da mesma.
- 6.- Desbótea inmediatamente nun recipiente fechado.
- 7.- Lave as maos cun desinfectante a base de alcohol ou con auga e xabón.

## 3.- Como reempregar unha máscara.

Estas instrucións servirán como base para elaborar infografía informativa desde o Concello, con ilustracións explicativas, que se subirá ao site municipal e as súas RRSS e se imprimirá para distribuír nas Farmacias, supermercados, centro de saúde e taxis.

**3.1.- Máscaras de tea.** Non hai recomendacións oficiais para desinfectar máscaras de tea, mais tendo en conta o desabastecemento non é realista defendere un único uso. Segundo os CDC (EUA) debería ser suficiente co lavado da lavadora, no entanto consideramos ter en consideración as recomendacións de limpeza do Ministerio de Sanidade, que indican que a roupa dun doente contaxiado debe lavarse entre 60 e 90 grados durante, cando menos, media hora.

### 3.2.- Máscaras cirúxicas.

1. O uso da máscara caseira é individual, non debendo ser partillada.

2. Coloque a máscara com cuidado para cubrir a boca e nariz e amarre com segurança para minimizar os espaços entre o rosto e a máscara.
3. Evite tocála ou axustála cando a está empregando.
4. Ao chegar á casa ou cando fose posíbel, lave as maos con auga e xabón durante 40 segundos, secándoas ben antes de retirar a máscara.
5. Remova a máscara pegando pelo lazo ou nó da parte traseira, evitando de tocar na parte frontal.
6. Faga a inmersión da máscara en recipiente com auga potábel e lixivia (20 ou 25 ml por litro de auga; ou sexa 1 parte de lixivia para 50 partes de auga) por 30 minutos.
- 7.- Enxaugar en auga corrente e lavar con auga e xabón.
- 8.- Volver hixienizar as maos con auga e xabón.
- 9.- Esperar até que a máscara estexa totalmente seca antes de reempregala.
- 10.- Unha vez seca, utilice o ferro quente (prancha) e acondicionar en saco de plástico.
- 11.- Mudar a máscara sempre que presente humidades ou diga suxa. Descartala se apresenta sinais de deterioro. Cando dea sinais de desgaste debemos facer outra e descartala.

Se só as usamos esporadicamente (ir ao supermercado unha vez por semana etc.) o máis eficiente e deixala dentro dunha bolsa fechada, xa que pasadas 72 horas a carga viral desaparece da mesma co tempo, segundo os estudos dispoñíbeis.

### **3.3.- Máscaras FFP.**

A OMS recomenda en procedementos de illamento a FFP2 ou FFP3. Tamén para o persoal exposto, xa que son as que ofrecen maior protección e indicadas para longos períodos de uso. No entanto, son dun só uso e a súa esterilización deteriora a súa eficacia, tanto se for mediante vapor a 134º canto mediante calor (75-100º), porque aínda que non afecta á capacidade de filtrado si incide no axuste da máscara polo que mingua a eficacia.

Indicarlles que desde Por Chantada ofrecémonos a elaborar infografías e material visual que precisen para a información sobre uso e manipulación das máscaras faciais. Porén, lembrarlles que debería fluír a información e manernos ao tanto e participando da xestión da crise. A unidade require diálogo e consensos non actuacións unilaterais ou opacidade.

Sen outro particular e agardando que esta proposta lles sexa de utilidade receban un cordial saúdo.

Chantada, 18 de abril de 2020.

Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.